

**PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE DE VINTE E TRES (23)
PRAZAS DE BOMBEIRO/A (C2), INCLUÍDAS NA 1ª FASE DA OEP DOS ANOS 2020, 2021 E 2022
(QUENDA LIBRE- CONCURSO OPOSICIÓN)****ANUNCIO CONVOCATORIA SEGUNDO EXERCICIO (PROBAS FÍSICAS)**

Convócase ás persoas aspirantes que superaron o primeiro exercicio da oposición á realización do segundo exercicio, probas de aptitude física, que dará comezo o vindeiro luns, día 23 de xuño de 2025 ás 08.15 horas, no Ximnasio do Complexo deportivo municipal das Travesas, entrada pola rúa do Carme, Vigo.

As probas de aptitude física axustadas ao disposto nas Bases reguladoras do proceso selectivo levaráanse a cabo de acordo co seguinte calendario:

MARTES 1 DE XULLO		Horario	Lugar	Acceso
1ª proba	Combinada (Corda, escaleira e dominadas)	08.15-14:30	Ximnasio Complexo deportivo municipal das Travesas.	Entrada da rúa do Carme.
2ª proba	Velocidade 10x5	16.30- 18.30	Ximnasio Complexo deportivo municipal das Travesas.	Entrada da rúa do Carme.
3ª proba	400 m	19.30 en diante	Pistas municipais de atletismo de Balaídos.	Rúa dos Olímpicos.

MÉRCORES 2 DE XULLO		Horario	Lugar	Acceso
4ª proba	2.000 m	9:00-13:30	Pistas municipais de atletismo de Balaídos.	Rúa dos Olímpicos.

XOVES 3 DE XULLO		Horario	Lugar	Acceso
5ª e 6ª probas	Espacio confinado e altura	08.00 en diante	Patio do Parque de Bombeiros de Teis (Rúa Angel de Lema e Marina)	Entrada de vehículos.

LUNS 7 DE XULLO		Horario	Lugar	Acceso
7ª proba	Natación 100m	10.00 en diante	Piscina municipal das Travesas .	Entrada da rúa do Carme.



TOMA DE MOSTRAS

Lémbrese que segundo o establecido nas Bases reguladoras do proceso selectivo "a toma de mostrás farase inmediatamente despois da realización das probas físicas, aínda que o órgano de selección resérvese a posibilidade de convocar ás persoas aspirantes que considere oportuno para a realización de probas de control de dopaxe en calquera momento da realización do exercicio. A resistencia ou negativa expresa por parte da persoa aspirante a realizar a citada proba, ou a súa non presentación á realización da mesma no lugar e tempo no que sexa convocado/a, de forma non xustificada validamente, suporá a exclusión inmediata do proceso selectivo".

CERTIFICADO MÉDICO

Así mesmo de conformidade coas Bases reguladoras do proceso selectivo (Base IV das Específicas), as persoas aspirantes deberán presentar perante o Órgano de selección, na data de realización do segundo exercicio (probas físicas), **certificado médico** expedido en impreso oficial e asinado por persoa que teña a condición de médico/a colexiado/a en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as aptitudes psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO I das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

CHAMAMENTO E ORDE DE ACTUACIÓN

Para a realización do chamamento, as persoas aspirantes presentaranse ás 08.15 do día 1 de xullo do 2025 no Ximnasio do Carme – pavillón das Travesas, entrada pola rúa do Carme.

De acordo co sorteo que tivo lugar en sesión pública inmediatamente antes da realización do primeiro exercicio tipo test que tivo lugar o día 21 de maio de 2025 a orde de actuación dos aspirantes comezará pola letra T.

DNI

Para a realización das probas os aspirantes deberán vir provistos do DNI.

INDICACIÓNS A TER EN CONTA POLAS PERSOAS ASPIRANTES – ROUPA E CALZADO DEPORTIVOS

Todas as persoas aspirantes deberán presentarse ás probas físicas provistas de roupa e calzado deportivos adecuados para cada proba.

Vigo, na data da sinatura dixital

A Secretaria do Órgano de Selección (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/06/2025 13:26

Páxina 2 de 2

45410-220

CSV: A2A681-B357A9-B282AD-CWNFDK-A5QC9Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>